



## Concello de Vigo

Secretaría de Goberno Local  
Expte 782-1102

### RESOLUCIÓN SEGUNDO PAQUETE MEDIDAS COVID-19

Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimiento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias. En reunión de data 13 de marzo de 2020 e no marco do seguimento continuo e adopción das medidas acaídas en cada intre, resulta precisa adaptar a esta situación a modalidade de prestación de servizos de atención presencial.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o governo e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de governo municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de conformidade coas medidas previamente adoptadas por esta Alcaldía no marco do seguimento da situación:

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Decretar, dende do 17 de marzo e ata o 29 de marzo, o peche total da atención presencial das oficinas de servizos administrativos agás aquelas que, polo servizo que prestan, poidan manter atención en servizos mínimos mediante cita previa. Manterase a atención telemática e telefónico no conxunto da administración, publicándose o directorio na web municipal con dito teléfono.

**Segundo.-** Establecer, en consecuencia, o sistema atención presencial na Casa do Concello con cita previa limitado para as seguintes oficinas:

- Oficina de Asistencia en materia de Rexistros
- Estadística para labores de altas, modificaciones o renovaciones padronales y expedición de volante de empadronamiento.
- Recadación voluntaria e executiva
- Benestar Social
- Servizo de Cemeterios

A obtención de cita previa estará dispoñible telefónicamente e no seguinte enlace: [https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/sol\\_cita\\_previa.jsp?lang=es](https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/sol_cita_previa.jsp?lang=es)

**Terceiro.-** Lembrar a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedimentos municipais a través da sede electrónica (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/>). Naqueles casos nos que a cidadanía non dispoña de sistema de identificación e sinatura electrónica, poderán obter a carpeta cidadá no Concello (oficina de asistencia en materia de rexistro) mediante a solicitude de cita previa.



Copia auténtica - Concello de Vigo

Data impresión: 13/03/2020 19:32

Páxina 1 de 2

Expediente 782/1102

CSV: 2EE5E1-395537-2745E3-EZHA3A-DECELH-1E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Cuarto.-** A presente resolución terá efectos a partires do 17 de marzo e ata o 29 de marzo, sen perxuízo da súa ampliación si así o requiren as circunstancias.

**Quinto.-** Dar publicidade deste acordo mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.  
CCA

O ALCALDE-PRESIDENTE- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ.  
Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia auténtica - Concello de Vigo

Data impresión: 13/03/2020 19:32 Página 2 de 2

Expediente 782/1102

CSV: 2EE5E1-395537-2745E3-EZHA3A-DECELH-1E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>